

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Veiga de Santa Cristina

Este relato refírese á lagoa (máis coñecida como Lagoa de Cospeito) existente en A Lama de Santa Cristina, concello de Cospeito (Lugo), e ao conseguinte asolagamente dunha cidade chamada, neste caso, Valverde: »Entonces, aí resulta, que, claro, unha noite, pois, quero decir veu unha, bueno, unha muller de moi boa presenza, non. E veu pedir limosma. Entonces aí había un pueblo, que era como unha villa, non sei como se chamaría, un puebliño. Entonces claro pideu limosna, e non lla deron, e foi a un sitio, como un pueblo, que había un zapateiro, e o zapateiro pois tamén lle pideu; pero ese quíxolle pegar, sería co que estaba mazando na suela, eu que sei.... co martillo. Pero claro ela despois marchouse.

Entonces foi a un sitio, que era máis pa riba, máis pa aló, hacia onde está agora a capilla, e alí había unha muller que non tiña mais ca unha vaca ou dúas, bueno, pobre, non. Entonces ela pideulle limosna. E díxolle... pois que non tiña...

[...]

Fíxolle un, sería... máis ben... con unha pouca palla. Entonces dixo..., a muller que era a Virgen según se falaba daquela non. E dixo:

□É tan certo que ten usté dúas vacas na cuadra como que se está hundiendo a villa de Valverde. E que se hundira o pueblo ese todo».

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

ARQUIVO CHAIRA: Transcrición da versión oral de ANTONIO (47 anos), Corvite, Abadín (Lugo), marzo de 1993.

Bibliografía:

CARNERO, O., CUBA, X. R., REIGOSA, A., SALVADOR, M., Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín, Excma. Deputación Provincial de Lugo, 2004.